c) Someterse regularmente aos controis e ás inspeccións que correspondan pola consellaría competente en materia de facenda.

4. Os ingresos derivados de prezos públicos estarán sometidos ao réxime orzamentario da entidade perceptora.

5. Os prezos públicos poderanse exixir desde que se efectúe a entrega dos bens ou se inicie a prestación dos servizos que xustifican a súa exixencia.

CVE-DOG: ta4gsul6-jl35-tuy4-ili1-n2txb7abead5

Tamén poderá exixirse a anticipación ou o depósito previo do importe total ou parcial dos prezos públicos na forma que, por proposta da consellaría competente en materia de facenda, se determine regulamentariamente.

6. O pagamento dos prezos públicos realizarase en efectivo ou mediante o emprego de efectos timbrados ou doutros instrumentos de pagamento que autorice a consellaría competente en materia de facenda.

7. As débedas por prezos públicos exixiranse mediante o procedemento administrativo de constrinximento cando non fosen satisfeitas nos prazos establecidos na normativa aplicable.

8. Cando por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo non se realice a actividade ou non se preste o servizo, procederá a devolución do importe que corresponda».

11) Modifícase o artigo 52, que queda redactado como segue:

«Artigo 52. *Aplicación de prezos privados*

1. Con carácter xeral, a xestión e a liquidación de cada prezo privado correspóndelles aos suxeitos relacionados no artigo 3 que entreguen os bens, presten os servizos ou realicen as actividades que dean lugar á obriga de pagamento do prezo privado.

Non obstante, cando a natureza do prezo, a súa especial incidencia ou as circunstancias do caso concreto así o aconsellen, a consellaría competente en materia de facenda mediante resolución, na que se determinará o seu grao e alcance, asumirá a xestión do prezo ou dos prezos privados que nela sinale.

2. A fiscalización, o control contable e as funcións de inspección correspóndenlle á consellaría competente en materia de facenda. As funcións relativas aos procedementos de recadación corresponderanlle á consellaría competente en materia de facenda e levarana os órganos de recadación que regulamentariamente e por proposta desta se determinen.

3. En todo caso, os suxeitos relacionados no artigo 3 que entreguen os bens, presten os servizos ou realicen as actividades que dean lugar á obriga de pagamento do prezo privado quedarán sometidos ás obrigas enumeradas no artigo 48.3».

12) Introdúcese unha nova disposición transitoria, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria terceira. *Título de ocupación de dominio público*

As ocupacións de dominio público mediante medios persoais de inmobles afectos a dependencias administrativas existentes antes do 1 de xaneiro de 2011, baseadas en título suficiente, vixente ou prorrogado consonte a norma, seguiranse rexendo polo disposto no

CVE-DOG: ta4gsul6-jl35-tuy4-ili1-n2txb7abead5

seu título ata a extinción deste. No caso de modificación ou prórroga del, deberán adaptar-se ao disposto nesta lei».

13) Modifícase a subalínea 01 da alínea 07 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«01	Autorización de explotación e autorización de instalación e localización (por cada máquina incluída nela):	
	– Máquinas tipo “A especial”	58,28
	– Máquinas tipo “B” ou “B especial”	95,46
	– Máquinas tipo “C”	190,79
	– Autorización de instalación e localización de máquinas tipo A (por cada máquina incluída nela)	47,77»

14) Modifícase a alínea 19 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«19	Inscrición para a realización de probas ordinarias e extraordinarias de aptitude para a obtención dos certificados profesionais de pesca e mergullo:	
	Probas de aptitude para a obtención do certificado profesional de patrón local de pesca	17,87
	Probas de aptitude para a obtención do certificado profesional de patrón costeiro polivalente	17,87
	Probas de aptitude para a obtención do certificado profesional de mariñeiro pescador	17,87
	Probas de aptitude para a obtención do certificado de extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo	17,87
	Probas de aptitude para a obtención da validación do certificado de extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo	17,87
	Probas de aptitude para a obtención da titulación de iniciación ao mergullo profesional	17,87
	Probas de aptitude para a obtención da titulación de mergullador profesional de 2.ª clase restrinxido	17,87
	Probas de aptitude para a obtención da titulación de mergullador profesional de 2.ª clase	17,87
	Probas de aptitude para a obtención da titulación de mergullador profesional de 1.ª clase	17,87
	Probas de aptitude para a obtención das especialidades subacuáticas profesionais	17,87»

15) Modifícase a subalínea 02 da alínea 22 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«02	Dilixenciado de libros de xogo	
	Libros de 0 ata 300 páxinas	50,00
	Libros de 300 ata 600 páxinas	100,00
	Libros de 600 ata 1000 páxinas	150,00
	Libros a partir de 1001 páxinas será 0,15 € folio/páxina».	

CVE-DOG: ta4gsul6-jl35-tuy4-ili1-n2txb7abead5

16) Modifícase a subalínea 01 da alínea 51 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«01	Actividades de empresas de fabricación e importación de material de apostas	
	– Inscrición da empresa	238,00
	– Modificación ou cancelación da inscrición	160,00»

17) Modifícase a subalínea 02 da alínea 51 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«02	Actividades de empresas comercializadoras e explotadoras de apostas	
	Inscrición da empresa comercializadora e explotadora e autorización de comercialización e explotación	238,00
	Modificación da inscrición	160,00
	Revisión da vixencia de autorización de comercialización e explotación cada cinco anos	180,00
	Modificación das condicións de autorización de comercialización e explotación	160,00»

18) Modifícase a subalínea 03 da alínea 51 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«03	Establecementos e lugares de apostas	
	– Autorización de tendas de apostas (por cada tenda)	1.000,00
	– Modificación ou cancelación de tendas de apostas	160,00
	– Autorización de instalación de espazos de apostas en salóns de xogo, bingos e casinos. Por cada máquina instalada	100,00
	– Extinción da autorización	100,00
	– Autorización de instalación de espazos de apostas en recintos deportivos e autorización temporal de espazos de apostas en actividades feirais de actividades deportivas. Por cada máquina instalada	100,00»

19) Modifícase a subalínea 05 da alínea 51 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«05	Autorización da instalación e localización de máquinas auxiliares de apostas (en locais de hostalaría). Por cada máquina auxiliar instalada	
	– Autorización da instalación e localización	100,00
	– Comunicación de instalación	25,00»

CVE-DOG: ta4gsul6-jl35-tuy4-ili1-n2txb7abead5

20) Engádese a alínea 54 no anexo 1 e as subalíneas 01, 02 e 03, que quedan redactadas como segue:

«54	Actuacións relacionadas coas avaliacións ou cos informes do profesorado universitario	
01	Avaliacións ou informes previos á contratación do profesorado universitario	
	– Pola primeira figura contractual	50,00
	– Pola segunda figura contractual e terceira (por cada unha)	25,00
02	Duplicado das resolucións correspondentes ás avaliacións ou aos informes do profesorado universitario	7,89
03	Certificación das resolucións correspondentes ás avaliacións ou aos informes do profesorado universitario	3,27»

21) Modifícase a redacción da subalínea 01 da alínea 01 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«01	Outorgamento, transmisión, visado, rehabilitación, canxe e exención de autorización habilitante para o exercicio de actividades de transporte	26,66»

22) Modifícase a redacción da subalínea 05 da alínea 01 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«05	Outorgamento, modificación ou prórroga de autorizacións para servizos de transporte público regular permanente de uso especial, regular temporal, ou para servizos de transporte a lugares de lecer	26,66»

23) Modifícase a redacción da subalínea 06 da alínea 01 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«06	Competencia profesional para o exercicio de actividades de transporte, así como para o exercicio de conselleiros de seguridade en transporte de mercadorías perigosas	
	– Recoñecemento: por cada modalidade de transporte	21,40
	– Realización das probas para a obtención do certificado: por cada unha das modalidades	21,40
	– Expedición do certificado: por cada modalidade	21,40»

24) Modifícase a subalínea 07 da alínea 01 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«07	Actuacións relativas ás concesións de servizos de transporte regular permanente ou temporal de uso xeral:	
	– Outorgamento e ampliación das concesións:	
	Por cada quilómetro medio diario	0,607385

CVE-DOG: ta4gsul6-jl35-tuy4-ili1-n2txb7abead5

O número medio diario de quilómetros percorridos será o resultado de dividir o número de quilómetros por percorrer nas expedicións previstas ao longo do ano na concesión ou ampliación solicitada por 365.	
– Por modificacións que deban ser obxecto de comunicación á Administración	53,00
– Por modificacións que supoñan a incorporación de novos tráficos:	
Pola primeira relación de tráficos incluída	53,00
Por cada unha das restantes relacións de tráficos incluídas	0,20
– Por modificacións que supoñan a supresión de tráficos autorizados:	
Pola primeira relación de tráficos incluída	53,00
Por cada unha das restantes relacións de tráficos incluídas	0,20
– Por modificacións que supoñan supresións ou incrementos de liñas, rutas e/ou expedicións:	
Pola primeira liña, ruta e/ou expedición incrementada ou reducida	53,00
Por cada unha das restantes liñas e/ou rutas incrementadas e/ou reducidas	5,00
Por cada unha das restantes expedicións incrementadas e/ou reducidas	2,00
– Por modificacións que supoñan cambios de horarios e/ou calendarios:	
Pola primeira liña, ruta e/ou expedición na que se introduzan modificacións	53,00
Por cada unha das restantes liñas, rutas e/ou expedicións nas que se introduzan modificacións	2,00
Neste importe estimarase incluído o visado pola Administración dos novos cadros de horarios.	
– Por outras modificacións non previstas anteriormente	53,00
– Cando o obrigado tributario incorpore a unha única solicitude modificacións que inclúan varias das previstas anteriormente, aboará unha única taxa, que se calculará coa suma dos importes que correspondan polos seguintes conceptos:	
Pola modificación solicitada	53,00
Pola primeira relación de tráfico que incorpore e/ou suprima	30,00
Por cada relación adicional de tráfico que incorpore e/ou suprima	0,20
Por cada liña e/ou ruta incrementada e/ou reducida	5,00
Por cada expedición incrementada e/ou reducida	2,00
Por cada liña, ruta e/ou expedición na que se introduzan modificacións de horarios e/ou calendarios	2,00
– Visado dos cadros de tarifas	26,66
Cando os cadros de tarifas presentados para a súa validación coincidan cos editados e achegados ás empresas previamente pola propia Administración titular do servizo público, e este procedemento se efectúe de xeito telemático no contorno das aplicacións informáticas postas en operativa pola propia Administración, o anterior importe minorarase nun 90 %».	

25) Suprímese a subalínea 08 da alínea 01 do anexo 2.

26) Suprímese a subalínea 10 da alínea 01 do anexo 2.

CVE-DOG: ta4gsul6-jl35-tuy4-ili1-n2txb7abead5

27) Modifícase a subalínea 18 da alínea 01 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«18	Expedición de tarxeta de cualificación do condutor ou renovación desta Cando o interesado solicite que a tarxeta de cualificación de condutor lle sexa remitida ao seu domicilio esta taxa verase incrementada nun 50 %».	21,40

28) Engádese unha subalínea 19 na alínea 01 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«19	Pola expedición de certificados comprensivos de servizos de transporte público de persoas: por cada servizo de transporte obxecto de certificación	21,40
	Pola expedición de copias simples de documentos correspondentes a expedientes de autorización administrativa de transporte, ou de servizo público regular de uso xeral de transporte de persoas, que conste en poder da Administración:	
	Pola primeira páxina	10,00
	Por cada unha das demais páxinas	0,30
	No caso de copias compulsadas destes expedientes ou copias en cor, os importes anteriores incrementaranse nun 25 %».	

29) Modifícase o punto décimo segundo da subalínea 02 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactado como segue:

	«Por cada determinación inmunolóxica de anticorpos, antíxenos ou similar, en relación coa sanidade animal	1,50
	No caso de diagnóstico inmunolóxico solicitado por agrupacións de defensa sanitaria gandeira (ADSG), sempre e cando respecten a normativa aplicable, cumpran os seus programas sanitarios e non superen os máximos establecidos de remisión de mostras, aplicarase a anterior taxa de xeito reducido, aplicándose unha tarifa por cada 15 determinacións ou fracción».	

30) Suprímese o punto 02 da subalínea 28 da alínea 07 do anexo 2.

31) Modifícase a alínea 20 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«20	Por autorización previa á licenza municipal en solo rústico	
	Sobre o importe do proxecto suxeito a autorización	1 %
	Mínimo de	220,44
	Máximo	1.000,00»

32) Modifícase a alínea 21 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«21	Por autorización en materia de costas	
	Sobre o importe do proxecto suxeito a autorización	1 %
	Mínimo de	220,44
	Máximo	1.000,00»«01

CVE-DOG: ta4gsul6-jl35-tuy4-ili1-n2txb7abead5

33) Modifícase a denominación da alínea 35 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«Informes técnicos e outras actuacións facultativas realizadas polo persoal técnico ao servizo da Administración hidráulica, cando deban facerse como consecuencia das disposicións en vigor ou dos termos propios das concesións e autorizacións outorgadas».

34) Modifícase a subalínea 01 da alínea 44 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«01	Análises de biotoxinas mariñas en moluscos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura:	
	– Análise de toxinas lipofílicas por bioensaio en rato segundo o método de Yasumoto 1978	47,52
	– Análise de toxinas lipofílicas por bioensaio en rato segundo o método de Yasumoto 1984	54,32
	– Análise de toxinas lipofílicas por cromatografía líquida con detección de espectrometría de masas (LC-MS/MS)	95,20
	– Análise de toxicidade tipo PSP por bioensaio en rato segundo o método da AOAC	47,52
	– Análise de toxicidade tipo ASP por cromatografía líquida de alta eficacia segundo o método da AOAC	47,52
	– Análise combinada nunha mesma mostra de toxinas lipofílicas por bioensaio en rato segundo o método Yasumoto 1978, análise de toxicidade tipo PSP por bioensaio en rato segundo o método da AOAC e análise de toxicidade tipo ASP por cromatografía líquida de alta eficacia, método da AOAC	101,86
	– Análise combinada nunha mesma mostra de toxinas lipofílicas por bioensaio en rato segundo o método Yasumoto 1984, análise de toxicidade tipo PSP por bioensaio en rato segundo o método da AOAC e análise de toxicidade tipo ASP por cromatografía líquida de alta eficacia, método da AOAC	108,65
	– Análise combinada nunha mesma mostra de toxinas lipofílicas por cromatografía líquida con detección de espectrometría de masas (LC-MS/MS), análise de toxicidade tipo PSP por bioensaios en rato segundo o método da AOAC e análise de toxicidade tipo ASP por cromatografía líquida de alta eficacia segundo o método da AOAC	150,00»
1.000,00»		

35) Modifícase a subalínea 02 da alínea 44 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«02	Análises de mostras en auga de mar:	
	– Identificación e reconto de fitoplancto mariño mediante microscopía óptica	151,33
	– Identificación e reconto de fitoplancto tóxico mariño mediante microscopía óptica	133,33
	– Análise de carbono orgánico disolto	50,93

CVE-DOG: ta4gsul6-jl35-tuy4-ili1-n2txb7abead5

– Análise de nutrientes inorgánicos disoltos	35,00
– Análise de pigmentos fotosintéticos (clorofila “a”) por espectrofluorimetría:	16,98»

36) Modifícase a subalínea 03 da alínea 44 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«03	Análises microbiolóxicas en moluscos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura:	
	– Cuantificación de *Escherichia coli*	101,86
	– Detección de *Salmonella spp*.	169,75
	– Enumeración de Escherichia coli en moluscos bivalvos vivos pola técnica de medida directa de impedancia co sistema BacTrac 4300:	68,00»

37) Engádese a subalínea 06 na alínea 44 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«06	Emisión de certificacións e informes técnicos e outras actuacións por petición do interesado	
	Emisión de certificados por petición dos interesados, sobre as actuacións levadas a cabo polo instituto	10,00
	Emisión de informes técnicos por petición do interesado (euros por hora ou fracción)	40,00»

38) Modifícase a denominación da tarifa contida na alínea 01 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Informes técnicos e outras actuacións facultativas realizadas por persoal técnico ao servizo da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais dependentes dela, cando deban facerse como consecuencia de disposicións en vigor ou dos termos propios das concesións e autorizacións outorgadas».

39) Modifícase a denominación da tarifa contida na subalínea 07 da alínea 07 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«07 Rexistro de entidades habilitadas para impartiren cursos sobre regulamentos de seguridade industrial».

40) Modifícase a denominación da tarifa contida na subalínea 14 da alínea 07 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«14 Modificación ou cesamento no rexistro de entidades habilitadas para impartiren cursos sobre regulamentos de seguridade industrial. Sobre a tarifa consignada na subalínea 07 devengarase o 50 % dela».

CVE-DOG: ta4gsul6-jl35-tuy4-ili1-n2txb7abead5

41) Engádese a subalínea 26 na alínea 07 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«26	Comunicación de inicio de cursos teórico-prácticos polas entidades habilitadas para impartiren cursos sobre regulamentos de seguridade industrial	47,00»

42) Modifícase a alínea 09 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«09	Inscrición no Rexistro industrial así como as preceptivas actualizacións	
	– Base de aplicación. Importe da maquinaria e instalacións	
	– Ata 3.000 €	35
	– De 3.000,01 ata 7.500 €	45
	– De 7.500,01 ata 15.000 €	60
	– De 15.000,01 ata 30.000 €	80
	– De 30.000,01 ata 45.000 €	100
	– De 45.000,01 ata 60.000 €	120
	– Por cada 6.000 € ou fracción de exceso ata 6.000.000 de euros	5
	– Por cada 6.000 € ou fracción que exceda de 6.000.000 de euros	1
	No caso de denegación de inscrición devengarase o 50 % da tarifa anterior».	

43) Modifícase a tarifa contida na alínea 15 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«15	Posta en servizo de guindastres torre	25+(alcance en m*carga en kg)/1000»

44) Modifícase a denominación da tarifa contida na alínea 17 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«17	Rexistro de instalacións con equipos a presión	
	Sobre a tarifa consignada na alínea 09	100 %»

45) Modifícase a tarifa contida na alínea 18 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«18	Rexistro de instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica e gas	
	Sobre a tarifa consignada na alínea 09	150 %
	Transformadores	25+0,6* (pot. en kW)»

46) Modifícase a alínea 19 do anexo 3 e engádenselle as subalíneas 01, 02, 03, 04, 05, 06, 07, 08, 09, 10, 11 e 12, que quedan redactadas como segue:

«19	Rexistros de instalacións afectadas por regulamentos de seguridade industrial	
01	Ascensores	25+(percorrido en m*carga do ascensor (100 kg))/2

CVE-DOG: ta4gsul6-jl35-tuy4-ili1-n2txb7abead5

02	Bombonas de gas	25+0,05* (peso en kg)
03	Depósitos de gas	25+10* (capacidade en m³)
04	Eléctricas receptoras	25+0,6* (pot. en kW)
05	Frigoríficas	25+0,6* (pot. do compresor en kW)
06	Guindastres móbiles autopropulsados	25
07	Guindastres torre	25
08	Instalacións térmicas nos edificios	25+0,6* (pot. en kW térmicos)
09	Interiores de auga	25+2,4* (caudal en l/s)
10	Petrolíferas	25+3* (capacidade en m³)
11	Protección contra incendios	25+10*nivel de risco+ 0,01* (superficie en m²)
12	Receptoras de gas	25+0,6* (pot. en kW)»

47) Modifícase a denominación da tarifa contida na alínea 25 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«25 Emisión de certificados de verificación periódica ou de verificación tras a reparación ou modificación, emitidos directamente pola Administración, cando os ensaios os realice un laboratorio designado por ela. Por instrumento, non inclúe a tarifa do ensaio, que deberá ser aboada ao laboratorio designado pola Administración».

48) Modifícase a subalínea 01 da alínea 25 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«01	Aparellos, instrumentos ou sistemas de medida que non teñan taxa específica	10,40»

49) Suprímense as subalíneas 02, 03, 04, 05, 06, 07, 08, 09, 10, 16 e 19 da alínea 25 do anexo 3.

50) Modifícase a subalínea 13 da alínea 25 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«13	Instrumentos de medida de son: sonómetros, calibradores acústicos e medidores persoais de exposición sonora	10,40»

51) Modifícase a subalínea 14 da alínea 25 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«14	Instrumentos de medida de velocidade: cinemómetros	0,40»

52) Modifícase a subalínea 15 da alínea 25 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«15	Opacímetros e analizadores de gases de escape	10,40»

CVE-DOG: ta4gsul6-jl35-tuy4-ili1-n2txb7abead5

53) Modifícase a subalínea 17 da alínea 25 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«17	Medidores de concentración de alcohol en aire expirado: etilómetros	10,40»

54) Modifícase a subalínea 02 da alínea 26 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«02	Verificación de contadores eléctricos realizada directamente pola Administración, por instrumento	83,00»

55) Modifícase a subalínea 03 da alínea 26 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«03	Verificación de contadores de auga fría de menos de 40 mm de diámetro, con caudais comprendidos entre 0,0125 m^3/h e 20 m^3/h, realizada directamente pola Administración, por instrumento	73,00»

56) Modifícase a subalínea 04 da alínea 26 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«04	Verificación de contadores de gas de paredes deformables G 1.6 a G 10 e caudais de 16 l/h ata 16 m^3/h realizada directamente pola Administración, por instrumento	92,00»

57) Modifícase a letra b) da alínea 27 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«27	b) Recoñecemento de vehículos reformados	
	– Conforme o proxecto	14,44
	– Sen proxecto	7,18
	– Amparada por un conxunto funcional	14,44»

58) Suprímese a letra l) da alínea 27 do anexo 3.

59) Modifícase a alínea 35 do anexo 3 e engádenselle as subalíneas 01, 02, 03 e 04, que quedan redactadas como segue:

«35	Establecementos afectados polo Regulamento de accidentes graves	
01	Inspección anual dos establecementos afectados polo Regulamento de accidentes graves	249,34
02	Notificación obrigatoria antes da construción dos establecementos afectados polo Regulamento de accidentes graves	916,70
03	Notificación obrigatoria antes da explotación dos establecementos afectados polo Regulamento de accidentes graves	1.466,70
04	Comunicación obrigatoria por calquera cambio significativo dos establecementos afectados polo Regulamento de accidentes graves	366,70»

CVE-DOG: ta4gsul6-jl35-tuy4-ili1-n2txb7abead5

60) Modifícase a subalínea 01 da alínea 36 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«01	Prórroga e cambio de dominio inter vivos ou mortis causa de establecementos produtivos e experimentais	
	* Viveiros flotantes e parques de cultivo	93,75
	* Plantas de acuicultura (mariña e continental) na zona terrestre	148,50»

61) Modifícase a denominación da tarifa contida na subalínea 02 da alínea 36 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«02 Modificacións na estrutura e cambio de sistema dos establecementos produtivos ou experimentais, excepto as que afectan o volume de edificabilidade ou o dominio público marítimo-terrestre dos situados na zona terrestre».

62) Modifícase a denominación da tarifa contida na subalínea 03 da alínea 36 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«03 Modificacións no cultivo (cambio de especies ou das técnicas de cultivo) dos establecementos produtivos ou experimentais».

63) Modifícase a denominación da tarifa contida na subalínea 05 da alínea 36 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«05	Cambio de localización de establecementos produtivos e experimentais	173,85
	Nas actuacións en materia de acuicultura das subalíneas 01, 02, 03 e 05, de ser preciso saír máis dunha vez para inspección e informes incrementarase a tarifa sinalada nesas subalíneas en 67,89 € por cada saída».	

64) Modifícase a subalínea 09 da alínea 36 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«09	Outorgamento de títulos habilitantes para novos establecementos de produción e modificacións que afecten o volume de edificabilidade ou o dominio público marítimo-terrestre dos situados na zona terrestre	
	* Na zona terrestre (granxas, criadeiros, piscifactorías)	300,00
	* Na zona marítima e marítimo-terrestre (parques de cultivo, viveiros)	93,75»

65) Modifícase a subalínea 10 da alínea 36 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«10	Autorización de inmersión	7,35»

CVE-DOG: ta4gsul6-jl35-tuy4-ili1-n2txb7abead5

66) Engádese a subalínea 11 na alínea 36 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«11	Autorización para a constitución de hipotecas e outros dereitos de garantía	9,15»

67) Suprímese a subalínea 01 da alínea 52 do anexo 3.

68) Modifícase a subalínea 04 da alínea 52 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«04	Inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia:	
	– Pequeno produtor de residuos perigosos (<10 t/ano)	172,95
	– Produtor de residuos perigosos (>10 t/ano)	172,95
	– Produtor de residuos non perigosos (>1.000 t/ano)	172,95
	– Transportista profesional de residuos perigosos e de residuos non perigosos	172,95
	– Recolledor profesional sen instalación de residuos perigosos e de residuos non perigosos	172,95
	– Negociante para residuos perigosos e para residuos non perigosos	172,95
	– Axente para residuos perigosos e para residuos non perigosos	172,95»

69) Suprímese a subalínea 08 da alínea 52 do anexo 3.

70) Suprímese a subalínea 09 da alínea 52 do anexo 3.

71) Engádese a subalínea 14 na alínea 52 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«14	Baixa da autorización de xestor de residuos para actividades de almacenamento, valorización e eliminación de residuos	172,95»

72) Engádese a subalínea 15 na alínea 52 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«15	Baixa da inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia	43,26»

73) Engádese a subalínea 16 na alínea 52 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«16	Modificación das autorizacións de xestores de valorización e eliminación	172,95»

74) Engádese a subalínea 17 na alínea 52 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«17	Modificación das autorizacións de xestores de almacenamento de residuos	43,26»

CVE-DOG: ta4gsul6-jl35-tuy4-ili1-n2txb7abead5

75) Engádese a subalínea 18 na alínea 52 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«18	Autorización e prórroga dos sistemas individuais de responsabilidade ampliada do produtor	172,95»

76) Engádese a subalínea 19 na alínea 52 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«19	Autorización e prórroga dos sistemas colectivos de responsabilidade ampliada do produtor	691,85»

77) Modifícanse as subalíneas 01, 02, 03, 04, 05 e 06 da alínea 55 do anexo 3, que quedan redactadas como segue:

«01	Operacións de ensaio e contraste de ouro e, de ser o caso, contraste	
	Por gramo ou fracción	0,154500
	Por ensaio	42
02	Operacións de ensaio de platino e, de ser o caso, contraste	
	Por gramo o fracción	0,215600
	Por ensaio	42
03	Operacións de ensaio de prata e, de ser o caso, contraste	
	Por gramo ou fracción	0,055190
	Por ensaio	42
04	Análise consultiva de ouro e certificación de lei	58,90
05	Análise consultiva de platino e certificación de lei	235,52
06	Análise consultiva de prata e certificación de lei	44,16»

78) Engádese a alínea 69 e as subalíneas 01, 02, 03, 04 e 05 no anexo 3, que quedan redactadas como segue:

«69	Actuacións en relación co Rexistro de Control Metrolóxico	
01	Inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico de Fabricantes, Importadores, Comercializadores ou Arrendadores. Primeira inscrición.	58,37
02	Inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico de Fabricantes, Importadores, Comercializadores ou Arrendadores. Cesamento ou modificación.	26,05
03	Declaración responsable de reparadores de instrumentos de medida suxeitos a control metrolóxico. Primeira inscrición.	58,37
04	Declaración responsable de reparadores de instrumentos de medida suxeitos a control metrolóxico. Cesamento ou modificación.	26,05
05	Preasignación de códigos de precintos aos reparadores inscritos no Rexistro de Control Metrolóxico.	10,40»

79) Engádese a alínea 70 e as subalíneas 01 e 02 no anexo 3, que quedan redactadas como segue:

«70	Plans ou proxectos	
01	Tramitación dun plan ou proxecto sectorial de incidencia supramunicipal	4.250
02	Tramitación dun proxecto industrial estratéxico	4.250»

CVE-DOG: ta4gsul6-jl35-tuy4-ili1-n2txb7abead5

80) Engádese a alínea 71 no anexo 3, que queda redactada como segue:

«71	Verificación do marcado CE como consecuencia de reclamación ou de denuncia	970»

81) Engádese a alínea 72 no anexo 3, que queda redactada como segue:

«72	Rexistro extemporáneo de instalación afectada por regulamento de seguridade industrial Sobre tarifa consignada na alínea 19 correspondente	400 %»

82) Engádese a alínea 73 no anexo 3, que queda redactada como segue:

«73	Laboratorio Oficial de Vehículos Históricos	
	Acreditación e inscrición	220,44
	– Renovación da acreditación e inscrición: sobre a tarifa anterior devengarase o 50 % dela».	

83) Engádese a alínea 74 no anexo 3, que queda redactada como segue:

«74	Concesión da etiqueta ecolóxica	
	Con carácter xeral	650
	Para pequenas e medianas empresas	400
	Para microempresas	250
	No caso de rexistrar máis dun produto ou servizo, as tarifas anteriores incrementaranse nun 20 %, por cada produto ou servizo adicional».	

84) Engádese a alínea 75 no anexo 3, que queda redactada como segue:

«75	Certificación para desgravación fiscal por investimento medioambiental	
	Ata 100.000 € de investimento certificado	50
	A partir de 100.001 € de investimento certificado	525»

85) Engádese a alínea 76 no anexo 3, que queda redactada como segue:

«76	Valoracións tributarias de bens inmobles situados na Comunidade Autónoma de Galicia que vaian ser obxecto de adquisición ou de transmisión, realizadas por técnicos ao servizo da Axencia Tributaria de Galicia para os efectos dos tributos cuxa xestión lle corresponda (por cada ben inmoble):	
01	Pisos, locais, garaxes, almacéns, predios rústicos ata 10 ha sen edificacións	20
02	Casas, naves, edificios ou partes dun edificio, hoteis	40
03	Solos urbanos, urbanizables, mixtos e asimilados	40
04	Predios rústicos de máis de 10 ha, con melloras ou con edificacións	40
05	Inmobles singulares do patrimonio histórico e resto de bens ou dereitos	60»

CVE-DOG: ta4gsul6-jl35-tuy4-ili1-n2txb7abead5

86) Engádese un segundo parágrafo no punto V nas Regras xerais de aplicación e definicións da alínea 99 do anexo 3, que queda redactado como segue:

«No caso de que existan discrepancias ou sempre que existan dúbidas sobre as dimensións totais reais da embarcación, Portos de Galicia poderá realizar a medición directa da embarcación. As dimensións resultantes da medición directa da embarcación servirán de base para a aplicación das tarifas portuarias, e entenderase por eslora máxima ou total a distancia entre os puntos máis extremos da embarcación, incluíndo todos aqueles elementos fixos ou desmontables que formen parte dela, aínda que poidan eliminarse sen afectar a integridade estrutural da embarcación».

87) Suprímese o parágrafo terceiro da regra novena da tarifa X-1 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3.

88) Modifícase a regra décima da tarifa X-1 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Portos de Galicia poderá establecer convenios anuais para a liquidación desta tarifa con asociacións profesionais do sector que agrupen a varias embarcacións destinadas ao servizo de acuicultura, cunha redución adicional do 75 % sobre a base impoñible resultante».

89) Modifícase o parágrafo segundo da regra décimo quinta da tarifa X-2 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactado como segue:

«Portos de Galicia poderá establecer convenios anuais para a liquidación desta tarifa con asociacións profesionais do sector que agrupen a varias embarcacións destinadas ao servizo de acuicultura, cunha redución adicional do 90 % na contía da tarifa. As embarcacións deberán pertencer a unha asociación profesional do sector, e o concerto establecerase en función do período e da ocupación da liña de atracada».

90) Modifícase o último parágrafo da regra décima da tarifa X-3, contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactado como segue:

«Neste concerto poderase establecer unha redución da contía da tarifa de ata o 90 % dependendo do número de bateas adscritas a el, segundo os tramos establecidos no seguinte cadro:

Número de bateas	% bonificación
Da batea 5 á 20	75 %

CVE-DOG: ta4gsul6-jl35-tuy4-ili1-n2txb7abead5

Número de bateas	% bonificación
Da batea 21 á 50	80 %
Da batea 51 á 100	85 %
Por riba da batea 101	90 %»

91) Modifícase a regra décimo segunda da tarifa X-4 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Décimo segunda. O aboamento desta tarifa a Portos de Galicia exime o buque pesqueiro do pagamento das restantes tarifas por servizos xerais por un prazo máximo dun mes a partir da data de iniciación das operacións de descarga ou transbordo. No suposto de que a embarcación dispoña dunha praza reservada para o seu uso exclusivo en peiraos, embarcadoiros ou pantaláns flotantes, o importe da X-4 para liquidar será como mínimo de 10 € ao mes. Este prazo poderase ampliar aos períodos de inactividade forzosa, por temporais, vedas costeiras ou licenzas referidas ás súas actividades habituais, expresa e individualmente acreditados por certificación da autoridade competente. No caso de inactividade forzosa prolongada, a autoridade competente fixará os lugares nos que estes barcos deban permanecer ancorados ou atracados, atendendo as dispoñibilidades de atracada.

Nos demais casos os buques estarán suxeitos ao aboamento das citadas tarifas xerais X-1, “Entrada e estadía de barcos” , e X-2, “Atracada”».

92) Modifícase a regra primeira da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Primeira. Esta tarifa abrangue a utilización polas embarcacións deportivas ou de lecer, incluso as destinadas a fins lucrativos, e polos seus tripulantes e pasaxeiros, das augas do porto e das súas instalacións de balizamento, das axudas á navegación, das bacías, dos accesos terrestres e viais de circulación dos portos e, de ser o caso, das instalacións de ancoraxe e atracada en peiraos ou embarcadoiros, así como dos servizos específicos dispoñibles».

93) Modifícase a regra sexta da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Sexta. A contía da tarifa estará composta polos seguintes conceptos:

A) Pola utilización das augas dos portos e mais das instalacións portuarias.

CVE-DOG: ta4gsul6-jl35-tuy4-ili1-n2txb7abead5

B) Polos servizos utilizados de atracada, ancoraxe ou estadía en seco das embarcacións.

C) Pola dispoñibilidade doutros servizos específicos.

O importe da tarifa X-5 será o resultado da suma dos conceptos A), B) e C), indicados anteriormente, que lle sexan aplicables en función dos servizos prestados.

A contía dos conceptos dos que se compón a tarifa X-5, por metro cadrado arredondado por exceso e por día natural ou fracción, será a seguinte:

A) Pola utilización das augas do porto e mais das instalacións portuarias:

Zona I: 0,034893 euros.

Zona II: 0,020935 euros.

B) Polos servizos utilizados de atracada, ancoraxe ou estadía en seco das embarcacións:

1. Atracada en punta: 0,038380 euros.

2. Atracada de costado: 0,095952 euros.

3. Atracada a banqueta ou dique: 0,019191 euros.

4. Ancoraxe: 0,038380 euros.

5. Embarcacións en seco:

5.1. Embarcacións en seco que aboen durante o mesmo período o concepto A) desta tarifa X-5: 0,061062 euros.

5.2. Embarcacións en seco que non aboen durante o mesmo período o concepto A) desta tarifa X-5: 0,081416 euros.

C) Pola dispoñibilidade doutros servizos específicos:

1. Por cada *finger* en cada posto de atracada: 0,016282 euros.

CVE-DOG: ta4gsul6-jl35-tuy4-ili1-n2txb7abead5

2. Por brazo de amarre ou por tren de ancoraxe para amarre por popa de embarcacións atracadas: 0,008142 euros.

3. Toma de auga: 0,005815 euros.

4. Toma de enerxía eléctrica: 0,005815 euros.

Cando o organismo portuario acoute especificamente zonas do porto para ancoraxe ou depósito de embarcacións deportivas, as contías dos apartados 4 e 5 do concepto B) terán unha bonificación do 50 %, sempre que previamente se solicitasen os correspondentes servizos a Portos de Galicia.

As contías dos conceptos A), B) e C) para as embarcacións de paso no porto serán as anteriormente indicadas multiplicadas por 1,50.

As contías dos conceptos A), B) e C) para as embarcacións tradicionais debidamente acreditadas, conforme o establecido na normativa aplicable e nas disposicións que se diten en interpretación ou aclaración desta, no suposto exclusivamente de embarcacións dedicadas á promoción e a conservación do patrimonio marítimo tradicional sen fins lucrativos, serán as anteriormente indicadas cunha bonificación de ata un 60 %. A dita bonificación calcularase en función da antigüidade, das características, da actividade á cal se dedica e da tonelaxe da embarcación. Esta bonificación non será acumulable ás bonificacións descritas na regra oitava desta tarifa X-5.

Para os efectos da aplicación da bonificación indicada terase en conta o seguinte:

A bonificación será do 40 % para as embarcacións orixinais e do 20 % para as réplicas, e aplicarase sobre a suma das contías dos conceptos A), B) e C) resultante.

Ademais, se é o caso, serán aplicables sobre a suma das contías dos conceptos A), B) e C) resultante as seguintes bonificacións adicionais:

1. O 10 % para réplicas construídas con anterioridade ao ano 1950.

2. O 15 % para as embarcacións de porte superior ás 50 toneladas de rexistro bruto.

3. O 20 % para as embarcacións pertencentes a asociacións náuticas ou culturais sen ánimo de lucro.

CVE-DOG: ta4gsul6-jl35-tuy4-ili1-n2txb7abead5

As bonificacións adicionais dos apartados 1, 2 e 3 non son acumulables entre si.

Consideraranse embarcacións tradicionais aquelas nas que no seu proceso construtivo se utilizaron técnicas artesanais e que teñan un interese identitario ou patrimonial, podendo distinguir entre embarcacións orixinais, aquelas construídas con anterioridade ao ano 1950, seguindo deseños ancestrais en liñas, materiais e técnicas construtivas, e réplicas, aquelas embarcacións construídas de forma exacta ás orixinais, aplicando os mesmos deseños, materiais e técnicas construtivas que aquelas.

Enténdese por ancoraxe a dispoñibilidade dunha superficie de espello de auga destinada para tal fin e debidamente autorizada.

Enténdese por atracada en punta a dispoñibilidade dun elemento de amarre fixo a embarcadoiro, peirao, banqueta ou dique que permita fixar un dos extremos (proa ou popa) da embarcación.

Enténdese por embarcación en seco aquela que permaneza nas instalacións portuarias, fóra da lámina de auga, tanto en estadía transitoria non dedicada a invernada coma en estadías prolongadas en zonas habilitadas para tal fin.

Enténdese por dispoñibilidade dos servizos de auga e enerxía, dos apartados 3 e 4 do concepto C), a existencia nas proximidades do punto de atracada, a peirao ou embarcadoiro, de tomas de subministración de auga ou enerxía, con independencia do aboamento da tarifa E-3 que lle sexa aplicable polos consumos efectuados.

5. Servizo de mariñeiría a embarcacións atracadas:

Para embarcacións de menos de 12 metros de eslora, 19,72 €/m²/ano, e de 22,17 €/m²/ano para o resto de embarcacións, correspondendo os metros cadrados á superficie nominal da praza teórica que ocuparía cada embarcación, e aplicando a parte proporcional ao período autorizado.

O servizo de mariñeiría inclúe as axudas á atracada e desatracada e mais o control e a xestión das instalacións.

No suposto de que o servizo de mariñeiría non inclúa a parte proporcional do servizo de vixilancia continuada, as contías serán as indicadas anteriormente multiplicadas por 0,65».

CVE-DOG: ta4gsul6-jl35-tuy4-ili1-n2txb7abead5

94) Suprímese o segundo parágrafo da regra oitava da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3.

95) Modifícase a regra décimo primeira da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Décimo primeira. As embarcacións atracadas ou ancoradas en instalacións propias de concesións, cuxas atracadas sexan xestionadas polo concesionario na súa totalidade, agás que no título concesionario se determine outra cousa, aboarán en todo caso o concepto A) da regra sexta e os demais sumandos B) e C) por aqueles servizos prestados en instalacións alleas á concesión. Para o seu aboamento o concesionario poderá optar:

a) Pola liquidación directa da tarifa polo organismo portuario ao suxeito pasivo baseándose na documentación que o concesionario lle entregará a Portos de Galicia, cos datos diarios precisos para que este lles poida liquidar a tarifa tanto ás embarcacións de paso coma ás que teñen base na concesión, de acordo co procedemento e o formato que Portos de Galicia determine. A domiciliación bancaria poderá ser exixida por Portos de Galicia de o considerar conveniente para a xestión tarifaria das instalacións.

b) Polo aboamento da tarifa, subrogándose na obriga dos suxeitos pasivos. Neste caso, o concesionario entregaralle a Portos de Galicia a documentación que lle sexa requirida, consonte o procedemento e o formato que sinale este organismo, cos datos necesarios para realizar a liquidación que practicará Portos de Galicia. Neste caso, Portos de Galicia poderá acordar unha redución de ata un 15 % da contía base da tarifa que lle corresponda; esta redución será dun 5 % se a relación de embarcacións de base declaradas é inferior a 100, do 10 % se está entre 101 e 200 e do 15 % se é superior a 201. Para as embarcacións en tránsito que ocupen prazas de uso público a redución na contía da tarifa base será do 5 %».

96) Modifícase a regra décimo segunda da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Décimo segunda. Nas instalacións deportivas construídas e xestionadas parcialmente por Portos de Galicia que sexan explotadas por particulares mediante a correspondente concesión ou autorización administrativa poderase aplicar, para as embarcacións en tránsito que ocupen prazas de uso público, unha redución na contía da tarifa do 5 %, dependendo da composición e do porte da frota afectada, sempre que o xestor se subrogue na obriga dos suxeitos pasivos. Neste caso, o xestor da instalación entregaralle a Portos de Galicia

CVE-DOG: ta4gsul6-jl35-tuy4-ili1-n2txb7abead5

a documentación que por este organismo lle sexa requirida, consonte o procedemento e o formato que se determine.

Nas instalacións descritas no parágrafo anterior que á entrada en vigor desta lei incluísen nos pregos de condicións a redución da contía da tarifa X-5 de ata o 15 %, por subrogarse nas obrigas de pagamentos dos suxeitos pasivos que utilicen as instalacións, manterase esta redución mentres estea vixente ese título administrativo. No caso de modificación ou prórroga deste, aplicarase o disposto nesta regra décimo segunda, aplicable unicamente ás embarcacións en tránsito que ocupen prazas de uso público».

97) Modifícase a regra terceira da tarifa E-1 contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Terceira. Para guindastres tipo pluma, a base para a liquidación desta tarifa será o tempo de dispoñibilidade do correspondente guindastre e o número de manobras. Para a liquidación de guindastres tipo pórtico será a eslora máxima da embarcación e o número de manobras.

No suposto de que a embarcación sexa deportiva ou de lecer, a base de liquidación será, tanto para guindastre tipo pluma coma para o tipo pórtico, a eslora máxima da embarcación e o número de manobras».

98) Modifícase a regra décimo primeira da tarifa E-1 contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Décimo primeira. Con carácter xeral, as contías da tarifa por hora de utilización do guindastre tipo pluma ou por eslora máxima do guindastre tipo pórtico serán as seguintes:

Guindastre tipo pluma	€/h
Menos de 3 toneladas	14,181233 €
Entre 3 e 6 toneladas	19,241587 €
Maior de 6 toneladas	22,275079 €

Guindastre tipo pórtico	Euros por manobra de subida ou baixada
Eslora máxima de menos de 8 metros	60
Eslora máxima entre 8,01 e 10 metros	65
Eslora máxima entre 10,01 e 12 metros	70
Eslora máxima entre 12,01 e 14 metros	80
Eslora máxima entre 14,01 e 16 metros	90
Eslora máxima de máis de 16,01 metros	105

CVE-DOG: ta4gsul6-jl35-tuy4-ili1-n2txb7abead5

Para as embarcacións deportivas ou de lecer, as contías da tarifa por eslora máxima no guindastre tipo pluma serán as seguintes:

Guindastre tipo pluma	Euros por manobra de subida ou baixada
Eslora máxima de menos de 7 metros	30
Eslora máxima entre 7,01 e 10 metros	40
Eslora máxima entre 10,01 e 12 metros	45
Eslora máxima entre 12,01 e 14 metros	50
Eslora máxima entre 14,01 e 16 metros	55

As embarcacións que realicen manobras de subida e baixada nun prazo de vinte e catro horas terán un desconto do 25 %.

Portos de Galicia poderá establecer concertos para a utilización dos guindastres cos usuarios habituais, e fixará como tarifa mensual unha estimación da utilización do guindastre baseada para cada porto no tipo e na composición da frota usuaria, nas condicións de abrigo das augas e na superficie de peirao dispoñible para a ancoraxe».

99) Modifícase a regra cuarta da tarifa E-3 contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Cuarta. As contías da tarifa por subministración de auga potable serán as seguintes:

– Por metro cúbico de auga ou fracción subministrada a través das tomas propiedade de Portos de Galicia: 1,019049 €.

– Por metro cúbico de auga ou fracción subministrada nas restantes instalacións: 0,611430 €.

As contías indicadas nos dous parágrafos anteriores serán incrementadas sempre que estas sexan inferiores á contía aplicable por parte da empresa subministradora. Nese suposto as contías da tarifa por metro cúbico de auga subministrada serán as seguintes:

A tarifa aplicada pola empresa subministradora cun recargo do 35 %, cando esta sexa superior a 1,019049 €/m³, incluído o canon da auga, para tomas propiedade de Portos de Galicia.

A tarifa aplicada pola empresa subministradora cun recargo do 10 %, cando esta sexa superior a 0,611430 €/m³, incluído o canon da auga, para o resto das instalacións».

CVE-DOG: ta4gsul6-jl35-tuy4-ili1-n2txb7abead5

